



47 | NOVEMBRO 2021

**NUMAX  
PRESENTA:**



Librería



## Libro do mes

### *Recetas de inverno desde a comunidade*

Louise Glück

18,00€

CHAN DA PÓLVORA


Recetas de inverno desde a comunidade [*Winter Recipes from the Collective*] é o título do primeiro libro da poeta norteamericana Louise Glück despois de recibir o Premio Nobel Literatura de 2020.



### *O cervo e a sombra* Diego Ameixeiras

17,60€

XERAIS



### *Los enanos* Concha Alós

15,90€

LA NAVAJA SUIZA



### *Encrucijadas* Jonathan Franzen

24,00€


SALAMANDRA



### *Vestido de domingo* David Sedaris

21,00€

BLACKIE BOOKS



### *O estoico* John Galsworthy

14,00€


HUGUIN E MUNIN



### *Como ser famosa* Caitlin Moran

20,90€

RINOCERONTE



### *Alén Alén* Luz Pichel

15,00€

LA UÑA ROTA



### *Breve ensayo sobre la carta* Laia Argüelles Folch

12,00€

CULTURA TEMPORAL

## Na librería



18 NOV | 20:00

Miquel Lluís Muntané,  
Santiago Fernández Mosquera  
e Santiago A. López Navia  
presentan *Horas  
tangentes*

(EDICIONES  
LA DISCRETA)

24 NOV | 20:00

Ramón Torrado, Rafa Xaneiro  
e Roberto Abuín presentan  
*Torino* (AXÓUXERE)

11 de  
novembro  
Día das  
librarías

10%  
de desconto  
nas túas  
compras

## Estreas



### **EL RETORNO: LA VIDA DESPUÉS DEL ISIS** ESTREA 5 NOV

Alba Sotorra, 90', VOSE, ING, +16

Documental que narra a historia dun grupo de mulleres occidentais que dedicaron a súa xuventude a ISIS, pero que agora queren ter a oportunidade de reconstruíren as súas vidas de volta a casa.

🏆 DocsBarcelona 2021

➕ Especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero polo ICAA

### **LIBERTAD** ESTREA 19 NOV

Clara Roquet, 104', ESP, VO, +12  
Con María Morera, Nicolle García

A familia Vidal pasa as últimas vacacións coa avoa Ángela, que sofre Alzheimer avanzado. Por primeira vez na súa vida, Nora sente que non encontra o seu lugar: os xogos de nenos parécenlle ridículos e as conversas dos adultos aínda lle van grandes. Todo cambia coa chegada de Libertad, a filla de Rosana, a muller colombiana que coida a Ángela.

🏆 Semaine de la Critique Cannes 2021  
Filme inaugural SEMINCI 2021



### **SPENCER** ESTREA 26 NOV

Pablo Larrain, 111', ING, VOSE  
Con Kristen Stewart, Jack Farthing

Biopic de Lady Di que conta a historia dunha fin de semana crucial a principios dos anos 90, cando a princesa Diana decidiu que o seu matrimonio co príncipe Carlos non estaba a funcionar e que precisaba desviarse dun camiño que a puxera en primeira liña para algún día ser raíña.

🏆 Sección Oficial Venecia 2021

### **LA HIJA** ESTREA 26 NOV

Manuel Martín Cuenca, 122', ESP, VO, +16  
Con Javier Gutiérrez, Patricia López Arnaiz

Irene ten quince anos e vive nun centro para menores infractores. Javier, un dos educadores do centro, ofrécelle vivir con el e a súa muller Adela na casa que teñen nunha paraxe illada da serra. A única condición é que acepte entregarles o bebé que leva nas súas entrañas.

🏆 Sección Oficial Donostia 2021



## Pases Especiais



### A POETA ANALFABETA

PASE ÚNICO 4 NOV

Sonia Méndez, 71', GAL, VO

Documental que retrata unha muller fascinante: Luz Fandiño. Poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria. Aos seus 88 anos Luz é testemuña viva das realidades máis duras do século XX, por ser muller, por ser emigrante, por ser pobre, por ser roxa.




### EZ, ESKERRIK ASKO. A FIESTA DE GLADYS

PASE ÚNICO 6 NOV

Bertha Gaztelumendi, 60', ES, VO

A principios dos 80, o movemento antinuclear atopábase en plena expansión internacional. Para protestar contra a construción dunha central en Tudela organizábase unha mobilización á que se suma Gladys del Estal, unha moza de 23 anos. O disparo dun Garda Civil rematou coa súa vida. O documental ofrece testemuño da súa historia e deste movemento social.



### EL FANTASMA DE LA SAUNA PASE ESPECIAL 21 NOV

Luis Navarrete, 90', ESP, VO

Con Antonia San Juan, Nestor Goenaga

Javi acode á Sauna Popular na procura dun traballo para cumprir o seu soño de ser cantante. Pero a sauna garda moitos segredos, empezando pola dona e un misterioso home que habita os condutos de ventilación e rematará namorando de Javi.



### LES SAVATES DU BON DIEU

PASE ÚNICO 27 NOV

Jean-Claude Brisseau, 107', FR, VOSE

Con Stanislas Merhar, Raphaële Godin

Fred e Elodie son un matrimonio novo, xa cunha filla, que viven nun suburbio de Saint Etienne. Fred traballa de mecánico e, a pesar da súa situación, compórtase como un malcriado, malgastando o pouco que gaña. O matrimonio remata e, a partir de aí, as cousas van aínda a peor.

## Retrospectiva Aki Kaurismäki



### **HAMLET MÉTESE A HOME DE NEGOCIOS**

**PASES ÚNICOS 2 E 7 NOV**

**Aki Kaurismäki, 86', FI, VOSE, 1987**  
Con Pirkka-Pekka Petelius, Kati Outinen

No Helsinki actual o príncipe Hamlet converteuse no accionista maioritario dun poderoso grupo empresarial que se propón acometer a fabricación de parruliños de goma.



### **LENINGRAD COWBOYS MEET MOSES**

**PASES ÚNICOS 23 E 27 NOV**

**Aki Kaurismäki, 94', FI, VOSE, 1994**  
Con Matti Pellonpää, Kari Väänänen

Despois dalgúns anos de sona e desgrazas en México, os membros dos Leningrad Cowboys, un extravagante grupo de rock, volven á súa terra natal en Siberia. Guiados polo seu mánager, farán unha dura e perigosa viaxe a través de Europa.



### **NUBES PASAXEIRAS**

**PASES ÚNICOS 30 NOV E 5 DEC**

**Aki Kaurismäki, 96', FI, VOSG, 1996**  
Con Kari Väänänen, Kati Outinen

Ilona e Lauri van construíndo a súa vida como mellor poden. Ela é xefa de cociña no restaurante Dubrovnik e el condutor de tranvías. Con pouco tempo de diferenza quedan sen emprego. Ambos esforzaranse por refacer as súas vidas ante a indolencia social.

🏆 **Sección Oficial Cannes 1996**



**OS OLLOS  
VERDES**

Os filmes sinalados computan para o programa Os Ollos Verdes para estudantes universitarios.  
[En colaboración coa USC]

A COR  
DAS  
PALABRAS  
2021

ENCUNTROS  
CON  
CINEASTAS

# LUCÍA SALAS & MARTÍN ÁLVAREZ

**“A vida útil  
da crítica  
de cinema”**

+ Presentación  
de “Les Sabates  
du bon Dieu”  
(Jean-Claude  
Brisseau, 2000, 107’)

**Domingo 28  
de novembro - 11:30**

**CINEMA NUMAX  
CONCEPCIÓN ARENAL, 9**

Entrada gratuíta até completar aforo.

Reservas en

[acordaspalabras@santiagodecompostela.gal](mailto:acordaspalabras@santiagodecompostela.gal)

\*O encontro vai ser  
retransmitido en directo  
na páxina de Facebook  
de @numaxcoop



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**



# CINEMA TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

CINEUROPA.GAL  
FACEBOOK - INSTAGRAM - TWITTER

SANTIAGO DE COMPOSTELA  
8/24 NOVEMBRO 2021



**C**  
Compostela  
Cultura





---

# NUMAX NA ESCOLA 2021/2022



---

## **EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO**

Proxeccións educativas para infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Unha proposta ampla e variada, con obras seleccionadas e premiadas en festivais internacionais, que agrupamos por eixos temáticas para unha doada adaptación ás necesidades curriculares do profesorado.

Infórmate en [escola@numax.org](mailto:escola@numax.org)



**Filme  
do mes:**

## **ESPÍRITU SAGRADO**

**ESTREA 26 NOV**

**Chema García Ibarra,**

**97', ESP, VO, +16**

Con Nacho Fernández, Llum Arques

Julio morreu. É unha nova terrible para OVNI Levante, a asociación de afeccionados á ufloxía que el dirixiu. A morte bate con especial forza nun dos seus membros, José Manuel. Julio e el tiñan un proxecto secreto para mudar

o destino humano. Agora debe continuar só. Unha historia de ufloxía popular, ciencia ficción costumista, esoterismo de barrio e fabricación de calzado.

Poucos debuts na longametraxe máis agardados que o de García Ibarra, o cineasta de Elxe que leva máis dunha década amasando un estatus de culto coas súas inimitables curtas.

**🏆 Sección Oficial Locarno 2021,  
Sección Oficial Sevilla 2021**

# **NUMAX**

Concepción Arenal, 9 baixo  
Santiago de Compostela  
[www.numax.org](http://www.numax.org)

**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

**AAAAAA Agencia**  
**GGGGGG Gráfica**

Síguenos en @numaxcoop